

Non á pobreza enerxética



A enerxía é
o teu dereito
Mobilízate!



Teléfono de contacto

900 102 305



facebook.com/pensionistasccoo



twitter.com/pensCCOO

www.pensionistas.ccoo.es



pensionistas

A enerxía é unha necesidade É o teu dereito

A imposibilidade dos fogares de facer fronte ao pagamento das subministracións enerxéticas, electricidade e gas, fundamentalmente, ou ter que destinar unha porcentaxe desproporcionada dos ingresos para pagar estas subministracións é o que se denomina **pobreza enerxética**.

Aínda que o Goberno puxo en marcha medidas para mellorar a situación, a pandemia da covid e o aumento disparado dos prezos da enerxía nestes meses agravaron aínda máis esta situación.

CCOO esixe:

- Revisar os criterios de acceso ao **bono social** para que cubra máis colectivos en situación de pobreza enerxética.
- Simplificar a carga burocrática e facilitar as xestións para poder acollerse ao **bono social**.
- Crear oficinas municipais de asesoramento enerxético para orientar os consumidores no acceso ao **bono social** e a subvencións para rehabilitación enerxética das súas vivendas e sobre medidas de eficiencia enerxética e de cambios na factura eléctrica.
- Prolongar a prohibición de cortes de subministración por impagamento aos consumidores vulnerables.
- Subvención completa para os consumidores vulnerables de medidas de rehabilitación enerxética das súas vivendas ou de sistemas de autoconsumo fotovoltaico.
- Reforma do sistema de formación de prezos do mercado da electricidade para eliminar os sobrebeneficios das compañías eléctricas.
- Maior control público dalgunhas das actividades do sistema eléctrico.

Os e as pensionistas de **CCOO** seguiremos denunciando os continuos incrementos das tarifas de electricidade e gas, que benefician extraordinariamente as grandes empresas enerxéticas pero conducen ao empobrecemento dunha parte importante das persoas pensionistas, xubiladas e traballadoras.

Esixímoslle ao Goberno medidas para garantir a subministración de electricidade e gas a todos os fogares.



Teléfono de contacto

900 102 305



pensionistas